



ACTA DO GRUPO DE TRABALLO MIXTO ENTRE A ENTIDADE CONCELLO DE VIANA E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE, APOIO E O ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO “ESPAAO VERDE BIBEI-FRIEIRAS 4.0”, PREVISTO NOS ARTIGOS 10 E 11 DA ORDE DO 4 DE MAIO DE 2018, DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2018.

Nas dependencias do Servizo de Orientación e Promoción Laboral de Ourense, sitas na Avda. da Habana, 79-6º, sendo as 13:00 horas do día 26 de novembro de 2018 reúnense

Representantes da entidade promotora:

Azucena Gago Couso, vogal
Francisca Estévez Diéguez, vogal

Representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense

Rodrigo de Luis Francisco, designado suplente pola Xefatura Territorial.
Teresa Puga Iglesias, designada suplente pola Xefatura Territorial

Manifestan ter voz e voto e que o presidente ten o voto de calidade.

A Orde do día da sesión é:

- 1.- Publicación das listaxes definitivas do persoal docente de forestal convocado na ampliación da oferta
- 2.- Proposta de contratación do persoal docente de forestal

Tras a pertinente deliberación o grupo de traballo mixto, por unanimidade, adopta os seguintes

ACORDOS:

- 1.-Publicar as listaxes definitivas do persoal docente de forestal nos taboleiros de anuncios indicados nas bases.
- 2.-Propoñer para a súa contratación ás persoas que acadaron maior puntuación. No suposto de que no momento do chamamento a persoa nos estea dispoñible, a entidade promotora realizará o chamamento da seguinte persoa máis puntuada.

De conformidade ao artigo 14 da Orde de convocatoria, contra a resolución polo grupo de traballo mixto das incidencias e reclamacións derivadas do proceso de selección non cabe ulterior recurso en vía administrativa,



sen prexuízo da posibilidade de recorrer ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa no prazo de dous meses, de acordo co disposto na Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Non habendo máis asuntos que tratar, dase por concluída a sesión ás 14:00 horas do día da data.

Representantes da Entidade Promotora


Azucena Gago Couso


Francisca Estévez Diéguez

Representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Ourense


Rodrigo de Luis Francisco


Teresa Puga Iglesias

